

## TI EN MIN, EU EN TI. MUSEOS CON TODXS

Encarna Lago González<sup>1</sup> & Carolina Casal Chico<sup>2</sup>

### RESUMO

*Baixo o título “Ti en min, eu en ti. Museos con todxs” preséntase as bases teóricas e metodolóxicas dun proxecto que pretende derrubar barreiras e promover a inclusión e a accesibilidade das persoas con Trastornos no Espectro Autista aos Museos e, con eles, ao Patrimonio Cultural. Xurdido do diálogo co movemento asociativo e deseñado para a Rede Museística Provincial de Lugo, empregando os recursos de lectura fácil e os SAAC, o obradoiro tenta achegar o patrimonio á sociedade, humanizar os museos, encher de afectividade o inanimado e compoñer, a partir dos múltiples micro-relatos, un meta-relato colectivo, inclusivo e accesibel. O que sigue nestas páxinas poderá ser extrapolado a calquera outra institución ou peza do Patrimonio Cultural, supoñendo unha ferramenta práctica de cara á accesibilidade universal.*

- <sup>1</sup> A autora é Xestora Cultural, Funcionaria da Deputación de Lugo no cargo de Xerente da Rede Museística Provincial de Lugo. A súa traxectoria profesional abrangue máis de vinte anos de experiencia na responsabilidade do deseño, planificación, coordinación e xestión de proxectos e programas de museos dentro das liñas do MINOM. “Movemento Internacional para unha Nova Museoloxía”. A súa vocación, compromiso e determinación, é o traballo en Rede, os museos sostibles, igualitarios e inclusivos, así como a transformación institucional, social e territorial xestionada coa comunidade. Docente do Título Propio Tec. Aux. en entornas Culturais da Universidade de Málaga, dirixido a persoas con discapacidade intelectual e do Título Propio de Especialista na aplicación da perspectiva de xénero ás industrias culturais da UCM e do Curso de Expert\* Universitari\* en Xestión Cultural da USC. Forma parte do Comité de Honor da Bienal de Arte Contemporáneo da Fundación Once e da Xunta directiva de Mujeres de las Artes Visuales de WILPF- Liga Internacional de Mujeres por la Paz y la Libertad. Dirixe o Plan Inclusivo da Rede Museística dende 1999 integrado no Banco Galego de Boas Prácticas da AGPXC no 2017. A súa xestión de museos recibiu diversos premios: Premio Crítica de Galicia 2004, Premio Mellor Experiencia didáctica 2009 F. Rosalía, Premio ONCE Solidaridad 2011, Premio Galicia Inclusión 2017, Premio Fundación Anade, Ibermuseos 2017, Premio Boas prácticas en museos e centros de arte MUSACCES en museoloxía social 2019. encarnalago@gmail.com
- <sup>2</sup> A autora é Museóloga e Conservadora. Xestora Cultural. Rede de Estudos Medievais USC. Profesora de Historia da Arte do IV Ciclo Campus Terra USC. A súa traxectoria profesional abrangue múltiples campos relacionados coa posta en valor, a accesibilidade e a xestión do Patrimonio Cultural; desde a investigación

***Ti en min, eu en ti. Museos con todxs***

*“Os museos son casas que gardan e presentan soños, sentimentos, pensamentos e intuicións que toman corpo a través de imaxes, cores, sons e formas. Os museos son pontes, portas e xanelas que abren e comunican mundos, tempos e persoas...”*

Saída do VI Congreso Xéneros, Museos, Arte e Educación organizado pola Rede Museística Provincial de Lugo –maio 2019– e enviada ao ICOM co fin de participar na reinterpretación que o organismo internacional está a facer da definición de Museo, a cita que encabeza este texto viña a plasmar, pasados trece anos da súa creación, o propio espírito da Rede Museística e mesmo o seu ADN.

Hai tempo xa que os catro museos que integran a Rede; Pazo de Tor (Monforte de Lemos), Fortaleza de San Paio de Narla (Friol), Museo do Mar (San Cibrao, Cervo) e Museo Provincial (Lugo); se sacudiron os apelativos que durante dous séculos acompañaron ás institucións museísticas –estes son o academicismo, o snobismo, o silencio e o boato– e optaron, de orixe, polo que a Nova Museoloxía deu en chamar os Museos Sociais. Uns museos distanciados da museoloxía tradicional que en parte pivotaba sobre a definición do ICOM –que agora se está a redefinir– e que limitaba as súas funcións á salvagarda, preservación, investigación e exhibición das coleccións; que se puñan ao servizo da cidadanía apoderando á comunidade –ben de xeito individual ou colectivamente– converténdoa en suxeito de participación activo na conservación, interpretación e difusión do seu Patrimonio Cultural.

E así, da man da cidadanía, comezaron tecer redes e a construír *casas* –que agora si– *gardaban e presentaban soños, sentimentos, pensamentos e intuicións*; e a través da alteridade, da capacidade de ser outrx, tomaban corpo en *imaxes, cores, sons e formas* creando uns museos con todxs, nos que se tendían *pontes* e abrían *portas e xanelas* que puñan en contacto o Patrimonio Cultural coa sociedade, coas *persoas*; creando, á súa vez, novas oportunidades para a *comunicación*, o diálogo, a participación, o descubrimento, o desenvolvemento de experiencias e con elas, de aprendizaxe compartido (Domínguez, 2003). E desta aprendizaxe compartida nace *Eu en ti, ti en min*.

no campo da Historia da Arte até a praxe na Xestión de Coleccións. Namorada da Museoloxía Crítica, na que se debate en teórica-práctica, ten participado e participa en diferentes proxectos de investigación e, asemade, dirixido e participado –en calidade de comité científico ou relatora– en diversos congresos nacionais e internacionais, ademais de comisariar diferentes mostras expositivas. A súa experiencia investigadora, en ámbolos dous mundos, recóllese nas numerosas publicacións ao seu nome e en todo tipo de actividades que teñan que ver coa súas paixóns: a Arte, o Patrimonio Cultural, a Accesibilidade Universal, o Feminismo e o Micro-relato. [ccasalchico@gmail.com](mailto:ccasalchico@gmail.com)



eu en ti, ti en min



### ***Eu en ti, ti en min. Redefinindo as estratexias de comunicación***

Partindo de que a Cultura, e con ela o Patrimonio Cultural, é un ben consubstancial ao xénero humano e polo mesmo un dereito de toda persoa; e seguindo os principios de integración e inclusividade como eixo vertebral da humanización e socialización da mesma; *Ti en min, eu en ti* preséntase como unha acción a prol da accesibilidade universal nos museos. Unha acción concreta que xurde do diálogo coas asociacións, deseñada para un “territorio” concreto, a Rede Museística Provincial de Lugo, máis extrapolábel a calquera outra institución museística e para calquera visita ao Patrimonio Cultural con persoas con Trastornos no Espectro Autista –en adiante TEA–. Con ela preténdese eliminar barreiras, mellorar a interlexibilidade e construír, a partires dos micro-relatos persoais, un meta-relato compartido enfatizando a función social e carácter interdisciplinario do Patrimonio Cultural e dos museos, e integrando novos estilos de expresión e comunicación (SoMus, 2014).

Elemento clave nun museo e relacionada coa capacidade educativa e de presenza nun territorio do mesmo, a comunicación; entendida como a acción consciente de intercambiar información ben sexa de xeito oral, escrito ou mediante símbolos; preséntase como unha das áreas que implican maior dificultade para persoas con TEA e tamén, a que máis obstaculiza a súa participación e a interacción na comunidade. De cara a paliar as dificultades específicas e implementar a accesibilidade cognitiva nesta área *Eu en ti, ti en min* emprega como recursos: o de fácil lectura, como unha ferramenta que facilita o acceso á información; e os Sistemas Aumentativos e Alternativos de Comunicación (SAAC), neste caso os sistemas pictográficos, como ferramenta de cara a implementar a capacidade comunicativa das persoas que presentan impedimentos para conseguir unha comunicación verbal funcional, mais tamén como complemento que facilita a comprensión dos entornos (Informe *Observatorio Estatal*, 2016).

Partindo, como rematamos de ver, de que os TEA afectan especialmente aos aspectos relacionados co procesamento da información que provén dos estímulos sociais –cousa que tamén é un museo– e que presentan como patróns de intereses ou compor-

tamento unha adherencia a rutinas detalle a detalle, amosando o seu malestar polos cambios; *Ti en min, eu en ti* propón planificar a visita e aproximar xs futurxs visitantes o museo en imaxes.

## ***Eu en ti. Preparando a visita***

### **1. Recoñecendo o espazo**

Coñecidos os déficits nas funcións executivas (Ozonoff, Pennigton & Rogers, 1991); a planificación, a flexibilidade, a memoria de traballo, a monitorización e na inhibición precisas tanto para accións motoras sinxelas como para planificar e executar pensamentos e intencións moito máis complexos; faise imprescindible o achegamento previo aos espazos (Vicent, Martín & Gustems, 2015). Achegamento que permite estruturar e facer comprensíbel o entorno da visita *a priori*, favorecendo a independencia e autonomía, e permitindo planificar e ordenar a acción. É así que os espazos, artefactos/obxectos/obras de arte e persoas –o persoal do museo– materialízanse en imaxes fotográficas, tentando organizar para xs futurxs visitantes un mundo que sexa predicíbel e, ademais, facilitar a comprensión deste novo mundo. Téntase deste xeito paliar o déficit de atención conxunta (Mundy, Kasari & Sigman, 1992) e compartir un enfoque común con respecto ao museo e aos artefactos/obxectos/obras de arte que atesoura.



De cara ao desenvolvemento da actividade a Rede Museística Provincial proporciona un montaxe interactivo en ppt., que se poderá descargar en pdf. para poder traballar con material funxíbel ou empregar, dependendo do grao dentro do espectro dxs futurxs visitantes. No mesmo figuran:


- Unha breve sinopse das metas e do desenvolvemento do obradoiro
- Plano do museo coas iconas que identifican cada unha das salas
- Fotografías do museo –fachada, acceso, salas, pezas e persoas–, localizadas no plano, xunto a unha breve descrición dos espazos e/ou artefactos/obxectos/obras de arte, así como o nome –asociado á súa fotografía– do persoal do museo implicado na actividade.

## 2. Recoñecendo os sentimentos

Presentado, descrito e recoñecido o continente e o seu contido en primeira instancia e co fin de traballar o déficit de meta-representacións (Baron-Cohen, Leslie & Frith, 1985) e a capacidade de representar os estados emocionais dos outros (pensamentos, crenzas, intencións e desexos) e os propios; facendo visíbel e entendíbel que poden ser diferentes, distintos; reflectirase ás persoas dentro dos espazos e/ou xunto aos artefactos/obxectos/obras de arte elixidos a partir dos seus sentimentos, tentando facer recoñecíbel e aproximar, tamén, as reaccións que no plano emocional proporciona o museo.



- Continuando co desenvolvemento do contido da ppt., e partindo de que a representación interna dos estados mentais de outra persoa permítenos entendela mellor e poñernos no seu lugar:
  - O persoal do museo -xunto ao seu nome- aparecerá localizado, segundo a selección dos artefactos/obxectos/obras de arte que xs identifican, nos diferentes espazos do edificio, implementando a topografía edilicia e marcando de xeito visual os seus diferentes intereses.
  - Persoas que tamén aparecerán ao carón dos artefactos/obxectos/obras de arte coas que se identifican, as súas pezas “fetiche”, acompañadas coa icona ou iconas –máximo 3– que representan os sentimentos que nelas esperta e polo mesmo comunicando de xeito visual as motivacións das súas diferentes eleccións.



### 3. Cal che gusta a ti?

De cara promover a reciprocidade e continuar a humanización e a comunicación, o obradoiro insta a que xs futurxs visitantes fagan tamén visíbeis os seus sentimentos e definan con imaxes o seu obxecto “fetiche” e o sentimento que nelxs esperta; para deseguido extrapolar a pregunta e a actividade, aos espazos e/ou artefactos/obxectos/ obras de arte presentadas, reproducindo o realizado polo persoal do museo. Todo para visualizar finalmente o seu relato no mapa de relatos do museo.

- A actividade propón traballar os sentimentos a través do debuxo:
  - Partindo dunha fotografía solicitada previamente do seu obxecto “fetiche” –“o meu patrimonio”– xs futurxs visitantes deberán plasmar os sentimentos que nelxs esperta empregando unha visión de pictograma; podendo, dependendo do grao no espectro, empregar as imaxes prefixadas enviadas polo museo e, como alternativa á actividade, corear o modelo base ou recortalo –avaliando se con tesouras ou microperforacións–.
  - A partir das fotografías aportadas dos espazos e artefactos/obxectos/obras de arte xs futurxs visitantes deberán facer agora unha elección persoal –sobre “o noso patrimonio”– e debuxar os diferentes sentimentos que esperta a peza seleccionada; podendo, dependendo do grao no espectro, empregar as imaxes prefixadas enviadas polo museo e corear ou recortar o modelo base.
  - Finalmente, deberánse integrar no mapa topográfico aportado –podendo face-lo de xeito dixital, na ppt., e/ou funxíbel– as imaxes dxs futurxs visitantes cos seus nomes, as pezas elixidas e os sentimentos que estas espertan. Con elas o mapa topográfico do museo estará completo e manifestará, de xeito visual, as diferentes empatías e os diferentes relatos implementando con eles o universo

de micro-relatos que compoñen o meta-relato colectivo, “o relato da comunidade”, e humanizando con eles a institución, neste caso a Rede Museística Provincial.

- Dito material deberá ser remitido á Rede de cara á preparación da visita in situ, debendo xs futurxs visitantes presentarse con cadanseu mapa topográfico.

### **Ti en min. A visita ao museo**


#### **4. Facendo accesíbel o espazo e as persoas**

Co fin de reproducir coa máxima exactitude o material enviado do museo, recoñecido e traballado *a priori*:

- Cada un dos seus espazos deberán ser identificados co seu respectivo pictograma e, asemade, o persoal que intervéñ nas visitas co seu nome; identificación que se entregará xs participantes á súa chegada.

#### **5. A busca do tesouro: do micro-relato individual ao meta-relato colectivo**

- Empregando un mapa topográfico xigante; aquel saído do obradoiro preparatorio *Eu en ti* e materializado en cartón pluma ou similar, material que dará volume ao resto de imaxes que se empregan nesta parte do obradoiro; dará comezo a visita que vai estar marcada pola selección de pezas realizada polxs participantes, tanto polo persoal do museo coma polxs visitantes.



- As pezas seleccionadas marcarán as paradas obrigadas e guiarán a visita que se presenta coma unha **busca do tesouro** de cara á construción dun relato colectivo, afectivo e accesíbel. Paradas nas que, ao carón das pezas seleccionadas, aparecerán as imaxes e os nomes das persoas que realizaron a selección, debendo cada unha delas completar a secuencia traballada con antelación e localizar ao seu carón os motivos de tal elección, facendo visíbel os seus sentimentos. Estes; transformados en imaxes pictográficas, coreados ou recortados polxs participantes na primeira fase do obradoiro; estarán depositados no “cofre do tesouro”, o cofre do territorio cognitivo, no que cada participante deberá remexer, buscar e rescatar aquelas que representan o seu sentir –dependendo do grao no espectro, poderán ser entregados en man e, asemade, comentados en público–.

Micro e meta-relato fican así inseparablemente unidos nun percorrido bidireccional que se poderá implementar –naqueles casos que o grao no espectro o permita– co xogo das “figuras enmascaradas” e a análise formal dos espazos e artefactos/obxectos/obras de arte seleccionadas. Con este preténdese traballar a composición e a denominada “coherencia central débil” (Fombonne, Siddons, Archard, Frith & Happé, 1994) das persoas TEA, que centran a súa atención nas partes, nas formas pormenorizadas, e non no resultado final, no propio espazo e artefacto/obxecto/obra de arte.

### **Museos de e para todxs**

Educación, accesibilidade e inclusión son os tres pilares sobre os que se levanta o obradoiro *Eu en ti, ti en min*. Inseparábeis entre si, marcan as pautas dos denominados museos sociais e tamén as directrices das políticas e accións desenvolvidas pola Rede Museística Provincial de Lugo.

Premisas que tenden pontes a un novo mundo, o da cultura inclusiva nos museos, que foi tomando corpo a partir da alteridade e do universo máxico das imaxes, as cores, os sons e as formas da cidadanía. Con ela a Rede Museística Provincial leva facendo a accesibilidade dos espazos e dos contidos, facendo da cultura e do patrimonio cultural un verdadeiro motor de desenvolvemento o que leva a trocar o ser dos catro museos, alongando as súas funcións máis aló da cultura do ocio para chegar á cultura do desenvolvemento sostíbel, a cultura do desenvolvemento compartido.

### Bibliografía

- BARON-COHEN, S.; LESLIE, A.M. & FRITH, U. (1985) "Does the autistic child have a 'theory of mind'". *Cognition* nº21, 37-46.
- BOUZAS, A.N; CARNEIRO PRIETO, M.& ARCEO TOURÍS, M. (2013) *Comprendo mi entorno. Manual de accesibilidad cognitiva para personas con trastorno del espectro de autismo*. Autismo Galicia-Federación Once. Disponible en: [http://www.autismo.org.es/sites/default/files/comprendo\\_mi\\_entorno.\\_manual\\_de\\_accesibilidad\\_cognitiva\\_para\\_personas\\_con\\_tea.pdf](http://www.autismo.org.es/sites/default/files/comprendo_mi_entorno._manual_de_accesibilidad_cognitiva_para_personas_con_tea.pdf)
- DOMÍNGUEZ, A. (2003) "La museología participativa. La función de los educadores de museo". En *Actas de los XIII Cursos Monográficos sobre Patrimonio Histórico*. Reigosa, Gobierno del Principado de Asturias, 99-117.
- ESPINOSA, A. & BONMATI, C. (2013) *Manual de accesibilidad e inclusión en museos y lugares del patrimonio natural y cultural*. Gijón, Trea.
- FOMBONNE, E.; SIDONS, F.; ACHARD, S.; FRITH, U. & HAPPÉ, F. (1994) "Adaptive behaviour and theory of mind in autism". *European Child & Adolescent Psychiatry* nº3 (3), 176-186. Disponible en <https://ohsu.pure.elsevier.com/en/publications/adaptive-behaviour-and-theory-of-mind-in-autism-2>
- INFORME (2016) *Observatorio Estatal de la Discapacidad. La Accesibilidad Cognitiva en España. Estado de situación*. Madrid, Gobierno de España.
- LAVADO, P. (2015) "La Museología social: en y con todos los sentidos. Hacia la integración social en igualdad". *Her&Mus* nº16. Disponible en <https://www.raco.cat/index.php/Hermus/article/view/313258>
- MUNDY, P.; KASARI, C. & SIGMAN, M. (1992) "Nonverbal communication, affective sharing, and intersubjectivity". *Infant behavior and Development* nº15, 377-382.
- OZONOFF, S.J.; PENNINGTON, B.F. & ROGERS, S.J (1991) "Executive function deficits in high-functioning autistic individuals: Relationship to theory of mind". *Journal of Child Psychology and Psychiatry and Allied Disciplines* vol.32 nº7, 1081-1105.
- REY-GARCÍA, M.; SALIDO ANDRÉS, N.; SANZO PÉREZ, M.J. & ÁLVAREZ GONZÁLEZ, L. (2016) "Museología para la innovación social: una experiencia de regeneración territorial en la periferia europea". *Revista para el análisis de la cultura y el territorio* nº17, 115-131
- SOMUS (2014) *The Social Museology school of thought*. Disponible en [https://www.ces.uc.pt/proyectos/somus/index.php?id=12417&id\\_lingua=1&pag=12423](https://www.ces.uc.pt/proyectos/somus/index.php?id=12417&id_lingua=1&pag=12423)
- VICENT CÁRDENAS, M.; MARTÍN PIÑOL, C.& GUSTEMS CARNICER, J. (2015) "Museos y Modelos de Comunicación". *Eari* nº6, 129-141.

